

FOLLA INSCRIPCIÓN.

* Todas as persoas que conformen un grupo deberán entregar a súa inscrición individual de forma conxunta nunha mesma entidade.

| | |
|---|--|
| NOME POSTO | |
| NOME COMPLETO DE PARTICIPANTES do GRUPO (Se tedes, engadide correo electrónico e tfno) | |
| PRODUCTO A TROCAR OU VENDER* Describir brevemente o que ides ter no posto. | |
| COLEXIO / INSTITUTO/ENTIDADE | |

O ACEPTO AS CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN NA FEIRA.

AUTORIZACIÓN PARTICIPACIÓN

Eu _____ con DNI _____ como nai/pai/titor/titora de _____ de ____ anos de idade e con DNI/NIE _____, a participar na 2ª Edición do Mercado Trocamerrouque que se desenvolverá o venres 23 de **Maio** CC Area Central.

AUTORIZACIÓN PARA O USO DA IMAXE

De forma voluntaria e con carácter gratuíto, autorizo a Cruz Vermella, con Cif. Q2866001G, como representante da Rede comunitaria do Barrio de Fontiñas para que as fotografías e/ou gravacións que podan ser realizadas ó/á meu/miña fillo/a durante as actividades realizadas na 2ª Edición do Mercado TROCAMERROQUE sexan utilizadas pola Rede Comunitaria do Barrio de Fontiñas de forma atemporal en calquera publicación ou acción publicitaria e/ou dos medios de comunicación que puderan asistir ó evento.

.....
 Apórtase 1€ por participante con esta inscrición que será destinado ó Proxecto Comunitario.

VENDER: As persoas participantes asignarán un valor os diferentes obxectos expostos e as persoas que se queiran facer com eles poderán donar unha cantidade ó obxecto adquirido.

II TROCAME – ROQUE NO CC AREA CENTRAL DE 16.30 A 19.30H.

Apúntate en Cruz Vermella, IES Antonio Fraguas, Ceip das Fontiñas e Ceip Monte dos Postes.

Dentro das iniciativas comunitarias do Barrio de Fontiñas, Cruz Vermella, e o resto de entidades sinaladas o pé¹, teñen previsto organizar a **2ª Edición do MERCADO TROCAMERROQUE.**

O Mercado Trocamerrouque desenvolverase o **23 de maio de 2014** en **horario de 16.30 a 19.30h no Centro Comercial AREA CENTRAL**. A participación nos postos está reservada unicamente a nenas, nenos, mozas e mozos de entre 8 de 18 anos. A inscrición poderase levar a cabo dende o 21 de abril ate o 16 de maio, ambos incluídos, **nos locais de Cruz Vermella en horario de 9 a 14h e de 16h a 18.30h. Así como no IES Antón Fraguas, no CEIP Monte dos Postes e CEIP das Fontiñas.** Para poder facer a solicitude de inscrición débese entregar debidamente cuberto o cadro de inscrición e a autorización asinada pola nai/pai/titora/titor; así como a entrega de 1€ por persoa participante, que será destinado ó Proxecto Solidario. Todas as persoas que compoñan un grupo deberán entregar a súa inscrición individual de forma conxunta na mesma entidade. Para meirande información pódese consultar a seguinte páxina: <http://www.compostelaintegra.org>

Dentro da vida comunitaria do Barrio de Fontiñas, estase a desenvolver a Campaña Barrios Abertos, da Asemblea de Cooperación pola Paz, ten como principal obxectivo a promoción da participación dos colectivos de inmigrantes nas actividades do barrio de Fontiñas e San Pedro, polo tanto colabora co Trócame-Roque como forma de integrarse nas iniciativas solidarias das organización que traballan no zona e difundir a campaña de sensibilización² sobre os beneficios da interculturalidade entre a xuventude.

¹ Cruz Vermella, IES Antonio Fraguas, CEIP Monte dos Postes, CEIP Fontiñas, Fundación Secretariado Xitano, UTS Fontiñas, Programa de Atención a Familias Abeiro, Centro de Día de Atención Integral ARELA, Programa Municipal Socioeducativo, Técnico de Prevención de Drogodependencias da Umad, Cáritas Parroquial de Fontiñas, Centro de Saúde de Fontiñas, Asemblea Galega de Cooperación pola Paz (Programa Barrios Abertos), e AGARESO.

² Financia o gasto dalgunha necesidade socioeducativa vinculada ó Ensino Infantil



FOLLA DE INSCRIPCIÓN – INFORMACIÓN

O 23 DE MAIO NO CC ÁREA CENTRAL
DESDE AS 16:30 ATA AS 19:30



CONDICIÓN DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA FEIRA.

Cruz Vermella, con Cif.Q2866001G en nome da Rede Comunitaria do Barrio de Fontiñas, organizadora deste Mercado, ten autorización para presenza dos postos do Mercado Trocamerrouque, que terá lugar o día **23 de maio de 2014, entre ás 16.30h e as 19.30h** no Centro Comercial Area Central. Esta é unha actividade comunitaria levada a cabo grazas ó traballo de persoas voluntarias e enmarcada nun contexto de desenvolvemento comunitario do Barrio de Fontiñas e onde os obxectivos a acadar son:

- Implicar e integrar a todos os axentes sociais do barrio nunha mesma actividade.
- Impulsar actividades nas que nenas, nenos, mozos e mozas sexan protagonistas.
- Activar procesos de solidariedade entre a veciñanza, facéndoos conscientes de necesidades do barrio.
- Promover a integración das persoas de orixe estranxeira nas actividades do barrio.
- Fomentar a visión da interculturalidade como unha característica positiva do barrio.

A Rede Comunitaria do Barrio de Fontiñas é a única encargada de designar os espazos autorizados nos que montar os postos. Só está permitido o troco/"venda"² de produtos feitos a man polas/os participantes ou produtos de segunda man que se relacionan a continuación: cómics, libros, xogós, xoguetes, videoxogós, cds, dvds.

Todas as solicitudes deberán ir acompañadas da autorización e cadro de inscrición debidamente cuberto e asinado pola nai/pai/titor/titora; de non estar debidamente cumprimentado non se formalizará a solicitude e posterior inscrición. A organización resérvase o dereito de denegar ou retirar o permiso aos postos que incumpran as condicións indicadas no presente texto.

□ Ao marcar este recadro, acepto formar parte dunha base de datos xestionada baixo a responsabilidade da Rede Comunitaria do Barrio de Fontiñas, que garante a confidencialidade dos datos persoais das/dos participantes. Os datos serán unicamente empregados para comunicación coas persoas participantes, cos seus pais/nais/titores/titoras, ou para informar doutras actividades comunitarias desenvoltas posteriormente á realización desta 2ª edición do Mercado Trocamerrouque. Se nalgún momento non quere recibir máis información, rogamos se comunique por correo electrónico ó seguinte enderezo: santiago@cruzroja.es.

II TRÓCAME-ROQUE

NON TE PERDAS O II MERCADIÑO
SOLIDARIO PARA RAPACES E RAPAZAS



APÚNTATE EN:
CRUZ VERMELLA, IES ANTONIO FRAGUAS,
CEIP DE FONTIÑAS E CEIP MONTE DOS POSTES



* "VENDER": As persoas participantes asignarán un valor os diferentes obxectos expostos e as persoas que se queiran facer com eles poderán donar unha cantidade ó obxecto adquirido.